



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Praza Consistorio, 1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.: 986665000 Fax: 986665001
E-mail: concelloarbo@concelloarbo.es

BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS DO CONCELLO DE ARBO 2016

1. O Concello de Arbo convoca un concurso de comparsas para celebrar, o próximo domingo 7 de febreiro, o Entroido 2016, establecendo as seguintes categorías:
 - a. Comparsas de 15 ou máis membros
 - b. Comparsas de 5 ata 14 membros
 - c. Comparsas infantís (15 ou máis membros menores de 12 anos)
 - d. Mellor mascarita
2. Os que dexesen concursar, deberan anotarse no Concello ou ata unha hora antes do inicio do desfile. No segundo caso persoal do Concello ou de algún Concelleiro identificado durante os momentos previos ao inicio do desfile. O prazo para anotarse no Concello remata o venres 5 de febreiro ás 13:00 horas.
3. Cada unha das comparsas nomeará a un representante maior de idade que formará parte do Xurado. Esta persoa non poderá formar parte da comparsa. O Xurado, formado por tantas persoas como comparsas, será o encargado de avaliar e puntuar as comparsas, comparsas infantís e as mascaritas. Poderá actuar como secretario/a do xurado unha persoa designada polo Concello, que terá voz pero non voto
4. Os membros do xurado puntuarán a todas as comparsas, comparsas infantís e mascaritas agás á comparsa da cal son representantes.
5. A puntuación das comparsas, comparsas infantís e mascaritas realizarase entre 1 e 100 ao número total de comparsas existentes. As puntuacións non se poderán repetir, é dicir, irán de 1 ao número total de comparsas ou mascaritas sen que se poida repetir ningún dos números comprendidos entre eses límites
6. A puntuación das comparsas de 5 a 14 membros e das comparsas de 15 ou máis membros serán separadas
7. O Xurado, na súa valoración terá en conta os seguintes criterios: a orixinalidade do motivo da comparsa; a festa ou balbordo que desenvolva a comparsa durante o desfile, a escenografía e o vestuario.
8. Para as comparsas de 15 ou máis membros, establécense 4 premios. A que obteña maior puntuación recibirá un premio de 450 euros. A segunda, un premio de 225 euros. A terceira un premio de 100 euros e a cuarta percibirá un premio de 50 euros.
9. No caso de que existan menos de 4 comparsas de máis de 15 membros, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de comparsas.
10. Para as comparsas de 5 a 14 membros establécense 4 premios. A que obteña maior puntuación recibirá un premio de 130 euros. A segunda, un premio de 70 euros. A terceira un premio de 30 euros e a cuarta percibirá un premio de 30 euros.



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
E-mail:concelloarbo@concelloarbo.es

11. No caso de que existan menos de 4 comparsas de 5 ata 14 membros, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de comparsas
12. Para as comparsas infantís (15 ou máis membros menores de 12 anos) establecense 4 premios. A que obteña maior puntuación recibirá un premio de 140 euros. A segunda, un premio de 70 euros. A terceira un premio de 30 euros e a cuarta percibirá un premio de 30 euros.
13. No caso de que existan menos de 4 comparsas infantís, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de comparsas
14. Para a mellor mascarita establecense 4 premios. A que obteña maior puntuación recibirá un premio de 70 euros. A segunda, un premio de 35 euros. A terceira un premio de 20 euros e a cuarta percibirá un premio de 20 euros.
15. No caso de que existan menos de 4 mascaritas, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de participantes.
16. A entrega dos premios realizarase o domingo día 7 de febreiro.
17. En caso de mal tempo, o desfile poderá ser cambiado de data.
18. Os premios estarán suxeitos a correspondente retención nos termos previstos na Lei 35/2006 de 28 de novembro reguladora do Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas.
19. A entrega de premios quedara en todo caso supeditada a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 330.48.
20. Participar no desfile e comparsas e inscribirse para a obtención de premios supón a aceptación íntegra destas bases.

En Arbo a 11 de xaneiro de 2016

O Alcalde

Asdo.: Horacio Gil Exposito

